



RESOLUCIÓN DE 15 DE NOVIEMBRE DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E BAREMACIÓN PROVISIONAL, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2021, NO ÁMBITO DO HOSPITAL PÚBLICO DE CEE

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 187 do 28 de setembro de 2021) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Hospital Público de Cee.

Con data 5 de novembro de 2021 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas correspondentes as categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, e non constando reclamacións, esta Xerencia de Área,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, **con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos e excluídos** ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna nas seguintes categorías:

- Enfermeiro/a
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería
- Fisioterapeuta
- Grupo auxiliar da función administrativa

Segundo: Publicar a **listaxe provisional de baremación**, das categorías relacionadas no apartado anterior.

Terceiro: Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos como a listaxe provisional de baremación das devanditas categorías, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación provisional tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.



Cuarto: Contra a resolución provisional de baremación os /as aspirantes disporán dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A Coruña, 15 de novembro de 2021

O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE


SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA
Asdo.: Luis Verde Remeseiro